

BASES PARA A CONTRATACIÓN, CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, DE UN/HA TÉCNICO MEDIOAMBIENTAL PARA PROXECTO EMPREGO FCA 2016.

1º.-Obxecto da convocatoria.

É obxecto da convocatoria, a selección de persoal para contratación laboral temporal por obra ou servizo, en base os criterios de publicidade de convocatoria, mérito e capacidade dos candidatos, de conformidade co establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril, Real Decreto Legislativo 781/1986, Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais disposicións de aplicación.

En canto a regulación das condicións do contrato estarase ó disposto no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundo do Estatuto dos Traballadores.

2º.-Características do contrato.

A finalidade da contratación deste persoal e a realización de funcións propias da súa categoría para a execución do proxecto de emprego financiado con cargo ao FCL 2016 dentro do "Proxecto Fondo Compensación Ambiental Muras 2016" no concello de Muras, realización de informes, memorias, tramitación e xestión de expedientes, e coordinación dos traballos da súa área.

A duración do contrato será de catro meses.

Prazas convocadas: un técnico a xornada completa.

O tipo de contrato será por obra ou servizo determinado e as retribucións a percibir son as seguintes: 1.310,04 euros mensuais incluído rateo de pagas extra.

3º.-Requisitos dos solicitantes.

Para ser admitido e tomar parte na convocatoria os aspirantes deben reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co concello de Muras.

c) Non ser despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Estar en posesión do Título de Arquitecto técnico, Enxeñería Técnica Forestal e do Medio Natural, Enxeñería Técnica Agrícola e Agroalimentaria ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

O cumprimento das referidas condicións entenderase referido a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Os requisitos dos apartados a) e d) acreditaranse mediante a presentación do documento nacional de identidade, os apartados b) e c) mediante declaración xurada, o apartado e) mediante certificado médico oficial (só as persoas que resulten seleccionadas) e o apartado f) mediante copia do título ou certificado correspondente.

4º.-Solicitudes.

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán formularse en instancia dirixida o Sr. Alcalde-Presidente do Concello, segundo modelo que se facilitará nas oficinas municipais en horario de apertura ó público no prazo de cinco días hábiles, a partir da publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello de Muras.

Nas solicitudes farase constar:

- Manifestar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira.
- Comprometerse, para ó caso de resultar contratado, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.
- Currículo de méritos que posúan e documentación xustificativa dos mesmos, co obxecto de valora-la súa aptitude para o desempeño do posto de traballo.

5º.-Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Presidente da Corporación ditará resolución declarando aprobada a lista de aspirantes admitidos e excluídos, publicándose no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web. Na devandita resolución indicarse, no seu caso, o prazo para emendar erros ou emendas nos termos que establece o artigo 38 da Lei do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Na mesma resolución publicarase a data de reunión do Tribunal para cualificar ós méritos e a celebración das probas; esta publicación servirá de citación os aspirantes.

6º.-Tribunal cualificador.

A valoración dos méritos alegados polos concursantes realizarase polo tribunal cualificador que estará constituído por:

- Presidente: Un funcionario de Habilitación estatal.
- Vocais: Tres empregados públicos designados pola Alcaldía.
- Secretario: Un funcionario da Corporación.

O Tribunal cualificador ten a facultade de resolver cantas dúbidas xurdan e tomar acordos correspondentes á consecución de criterios de puntuación obxectivos.

O Tribunal cualificador poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

De tódalas reunións que faga o Tribunal levantarase acta subscribida polo Secretario do mesmo.

7º.-Selección de aspirantes.

A selección de aspirantes realizarase nas seguintes fases:

7.1 Primeira fase, valoración de méritos.

Para a valoración dos méritos deberán acreditarse con certificados do órgano que corresponda ou copias compulsadas dos correspondentes documentos ou informes sociais. No caso de experiencia laboral xunto co certificado ou contrato sobre as funcións desenvolvidas achegarase a vida laboral.

A) Formación: ata un máximo de 2 puntos.

Por cursos impartidos pola Administración Pública do Estado, Autonómica, Universitaria ou Local. relacionados directamente co posto de traballo a desenvolver co seguinte baremo:

Curso ata 10 horas, 0,1 puntos

Curso de mais de 10 horas a 30 horas, 0,20 puntos.

Curso de mais de 30 horas a 50 horas, 0,30 puntos.

Curso de máis de 50 horas, 0,50 puntos.

B) Experiencia: ata un máximo de 1 punto.

Experiencia laboral en postos semellantes na administración pública, 0,1 punto/mes.

Experiencia laboral en postos semellantes na empresa privada, 0,05 puntos/mes.

C) Aspectos sociais: ata un máximo de 8 puntos.

a) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia, 1 punto.

b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: entre 1 e 2 puntos.

c) Persoas desempregadas sen ningún tipo de prestacións económicas, 1 punto.

d) Persoas desempregadas, 1 punto.

e) Persoas en risco de exclusión social ou de vulnerabilidade familiar que residan no Concello de Muras e coas que se estea intervindo dende o departamento de Servizos Sociais, 1 punto.

f) Persoas cuxa renda per cápita da unidade de convivencia real non supere o 60% do IPREM, 2 puntos.

g) Persoas cuxa renda per cápita da unidade de convivencia real estea entre o 60% e o 100% do IPREM, 1 punto.

7.2 Segunda fase: Probas.

A) Proba: valorarase entre 0 e 10 puntos.

Consistirá na realización dun caso práctico proposto polo Tribunal relacionada cos traballos a realizar, no que se avaliará o coñecemento no desempeño do posto de traballo, o cal realizarase utilizando o idioma galego.

B) Entrevista: a valorar entre 0 e 2 puntos.

Consistirá na realización de entrevista curricular sobre as funcións a desenvolver no posto de traballo, currículo profesional dos aspirantes, experiencias formativas, coñecemento do territorio, e resolución de problemas.

7.3 Cualificación final.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na valoración de méritos, probas e entrevista, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

Para o establecemento da lista de aprobados, o Tribunal de conformidade co establecido na base propondrá o aspirantes con maior puntuación.

O Tribunal despois da cualificación dos aspirantes publicará a lista de aprobados, elevando a proposta de contratación ó Sr. Alcalde-Presidente das persoas seleccionadas por orde de puntuación, valorando obxectiva e proporcionalmente os méritos achegados e xustificados. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta ó Sr. Alcalde-Presidente para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario.

O Tribunal publicará a lista coa cualificación definitiva dos aspirantes por orde de puntuación no Taboleiro de anuncios do Concello. No caso de que un aspirante seleccionado renunciara, considerarase proposto o seguinte da lista.

8º.-Presentación de documentos e formalización de contrato.

Con carácter previo a formalización do contrato os aspirantes seleccionados deberán xustificar adecuadamente no prazo de tres días naturais contados a partir da notificación da resolución da convocatoria, que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, a tal efecto, de non tela feito con anterioridade, deberán presenta-la seguinte documentación.

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Copia auténtica ou fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.
- Certificado médico oficial.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do tribunal e achega a documentación polos aspirantes propostos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de tres días.

9º. Bolsa de traballo.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluído os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidade do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

10º.-Abstención e recusación.


Os membros do Tribunal deberán de absterse de intervir notificando á Presidencia cando concorran as circunstancias previstas no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 da devandita Lei.

11º.-Recursos.

As presentes bases e tódolos actos derivados desta convocatoria e súa resolución, poderán ser impugnados de acordo co previsto pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, previa a comunicación que se establece no apartado 3º do artigo 110 da citada Lei, no prazo de dous meses contados a partir da publicación desta convocatoria no xornal, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra os mesmos. Así mesmo poderán utilizar calquera outro recurso que estimen pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Muras, 10 de maio de 2016.

O Alcalde,


Asdo. Manuel Requeijo Arnejo



*DILIXENCIA.-As presentes bases foron aprobadas por Alcaldía, en data 10 de maio de 2016.
O Secretario,*